




INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

En relación co expediente do contrato de servizos para a limpeza dos edificios e dependencias municipais do concello de As Neves, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, deste municipio cuxas características son:

Tipo de contrato: CONTRATO DE SERVIZO	
Obxecto do contrato: Prestación dos servizos de limpeza das dependencias dos seguintes edificios: CASA DO CONCELLO, PAVILLÓN MUNICIPAL, EDIFICIO DE SERVIZOS SOCIAIS, CEIP "AS NEVES", ESCOLAS DE INFANTIL DE RUBIÓS E TABOEXA, BIBLIOTECA, ARQUIVO, GARDERÍA, CENTRO DE SAÚDE, AUDITORIO, MERCADO, CASA DA XUVENTUDE, EDIFICIO CORREOS, CAMPO DE FUTBOL, BAÑOS DE SANTA MARIÑA E SAN NOMEDIO ", de acordo co disposto no prego de prescricións técnicas e administrativas.	
Procedemento de contratación: ABERTO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Código CPV: 90911200-8 Servizos de limpeza de edificios 90919300-5 Servizos de limpeza de escolas	
ORZAMENTO ANUAL	
Orzamento base de licitación IVE excluído : 101.743,42 €	IVE%: 21.366,12 €
Orzamento base de licitación IVE incluído : 123.109,54 €	
ORZAMENTO TOTAL DO CONTRATO	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 305.230,26 €	IVE%: 64.098,35 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 369.328,61 €	
Valor estimado do contrato: 508.717,10 €	
Duración inicial do contrato: 3 anos	

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios, polo que se emite o seguinte

INFORME



PRIMEIRO. Insuficiencia de medios persoais.

O concello de As Neves non dispón de persoal especializado suficiente para a limpeza dos edificios e dependencias municipais, polo que é preciso que se realice por unha empresa que preste ese tipo de servizos.

Ademais, hai que ter en conta os límites e requisitos establecidos no artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2019 (hoxe prorrogados), respecto da incorporación de novo persoal no sector público, sabendo que, no caso que nos ocupa, se trata de tarefas e funcións que son permanentes no tempo.

Neste momento, o concello de As Neves non pode asumir co seu persoal a integridade das tarefas e funcións da execución deste servizo, polo que a opción máis satisfactoria é a contratación dunha asistencia técnica de servizos que execute baixo unha única organización e dirección dito proxecto.

SEGUNDO. O beneficio de contratar a prestación é que por un lado non vai existir un gran incremento do gasto en persoal (aumenta unha porcentaxe pequena debido a que tamén aumentan as dependencias e as horas de limpeza) e por outro, pode lograrse un aforro considerable, dependendo das ofertas que presenten as empresas licitadoras. Tampouco non se vai investir en ferramentas e materiais de limpeza pois serán por conta da empresa adxudicataria.

TERCEIRO. Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

